

Principios xerais.

A educación é un ámbito moi importante para calquera sociedade. Os investimentos en educación, se se xestionan eficazmente, son unha garantía de futuros rendementos económicos.

De todas maneiras non é ese o único sentido da educación. Para Converxencia XXI o verdadeiro sentido da educación ten que ser o de formar persoas con capacidade de criterio, independentes, libres e abertas. En definitiva, que a educación faga persoas coas ferramentas que lle dean a felicidade.

A educación é labor de toda a sociedade. Hai xente implicada directamente na función educativa pero toda a sociedade é corresponsable neste labor. Para educar a un neno é preciso toda a tribo. Hai un labor de educación formal e académica pero tamén hai un labor de educación non formal fóra do académico que non é menos importante. Este relatorio dedicará máis espazo á educación formal pero non considera menos importante esta educación fóra da aula.

A educación formal ten en Galicia e no conxunto do estado puntos fortes e puntos débiles. Hai que recoñecer que a educación en Galicia é un valor recoñecido socialmente. Ninguén nega a necesidade dunha boa educación e se alguén se pregunta sobre onde debe investir máis cartos a administración sen dúbida responderá que na educación e na sanidade. Ademais a educación conta con bos profesionais. En xeral o profesorado ten interese no seu labor e acolle a súa tarefa como unha vocación máis que como unha carga. Isto non deixa de ser significativo, sobre todo para recoñecer o labor dun colectivo que socialmente non está tan recoñecido como noutros países de Europa e que en moitos casos non sente un apoio real.

O principal punto feble da educación consiste no afán das autoridades políticas de controlar de xeito directo o labor dos centros. Dende a aprobación da Ley General de Educación de 1970 sucédense as reformas contrarreformas, coincidentes co cambio de goberno, que o único que conseguen é a sensación de caos no sistema e o convencemento nos profesionais do ensino de que todo é provisional e que non paga a pena o esforzo de mellorar.

Este sistema de cambio continuo ten unha mala xustificación. Os poderes políticos pretenden controlar a educación. É significativo que a meirande parte dos currículos das diferentes materias de ensino sexan elaboradas no Ministerio de Educación, con poucas posibilidades de cambio. Xeralmente as Comunidades autónomas realizan unha tradución para os seus boletíns oficiais. Os libros de texto (grandes beneficiadas deste

sistema) son os que concretan este temario de tal maneira que en moitos casos o profesorado é intérprete dun libro de texto. Para rachar isto hai que dar moita autonomía aos centros educativos. As autoridades educativas só deben dar unha serie de principios mínimos educativos válidos para todo o sistema. Os centros deberán concretar os currículos favorecendo o intercambio de experiencias interescolares. Isto non é simplemente un brinde pola liberdade educativa. Isto favorece que o profesorado poida adaptar as materias ás realidades concretas de cada centro favorecendo dar solucións concretas a problemas concretos.

Converxencia, pois, propón unha serie de melloras educativas pero está convencida de que un mal pacto educativo é infinitamente mellor que unha boa lei imposta que indubidablemente vai ser substituída co cambio de goberno. Busquemos pois un resultado óptimo, busquemos pois un bo pacto educativo.

Financiamento da educación.

Todo investimento en educación será considerado insuficiente pola sociedade. Para que haxa unha boa educación é preciso un investimento forte que forneza ao sistema de medios modernos, eficaces, adaptados, e que garantan unha educación funcional de cidadáns libres e críticos.

É necesario que se estableza por lei unha porcentaxe do PIB mínima de investimento en educación. Cómpre establecer prioridades na xestión dos recursos. Os investimentos en educación non poden estar baseados en criterios de publicidade do poder político de turno (gratuidade de libros de texto, plan Abalar, ...)

Esta optimización de recursos debe buscar novas vías. Converxencia propón explorar experiencias de países que fan boa xestión dos seus recursos. Non dubidamos que o cheque escolar semella unha boa idea pero a súa introdución total a todos os niveis de ensino supón unha reforma tan forte que habería que estudala con calma vendo os beneficios que ten e os prexuízos que pode provocar.

Converxencia XXI tamén considera positiva toda iniciativa privada que permita aos pais e nais ter liberdade á hora de escoller o modelo segundo diferentes proxectos educativos.

O sistema educativo

Primeiro ciclo de Educación Infantil

Na mentalidade xeral da nosa sociedade este período educativo só ten unha finalidade: "gardar" aos cativos. De aí que se fale de garderías para

referirse a esta etapa. De todas maneiras todos os pedagogos sinalan que é unha época onde se adquiren unha serie de habilidades cognitivas esenciais no ser humano e que debe ser coidada de xeito importante. Dende Convergencia pensamos que hai que establecer nesta etapa dúas liñas. Ademais debe crearse toda unha liña formación que permita aos pais e nais desenvolver de xeito óptimo este labor. Experiencias coma a de "preescolar na casa" son extraordinarias e deben continuar a fomentarse e ampliarse. De tódolos xeitos tamén a razón práctica di que non todos os pais e nais poden neste momento acompañar aos seus fillos nos primeiros anos da súa vida tal e como sería desexable. Por iso hai que fornecer todo o territorio dunha rede ampla de escolas infantís. Cómpre favorecer o acceso das escolas públicas e privadas por parte dos pais facendo que a escolla sexa libre. Tamén convén que haxa unha boa oferta de escolas infantís que coiden o valor da lingua galega para que esta etapa non favoreza a castelanización en idades tan temperás.

Segundo ciclo de educación infantil

Á idade de tres anos o neno/a debe incorporarse ao sistema educativo. Neste período desenvolverá habilidades sociais, motoras, de coñecemento do medio físico, lingüísticas, matemáticas que lle axudarán no estudo posterior. Tamén neste ciclo comezará a desenvolver a lecto-escritura.

Educación primaria

A educación primaria consta de seis cursos. Debe desenvolverse entre os seis anos e os doce. A educación neste período debe ser prioritariamente competencial valorando que o alumnado adquiera as oito competencias básicas. As áreas de ensino deben ser as seguintes: Área lingüística (lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa) Área de coñecemento físico (coñecemento do medio, educación física) Área de matemáticas, Área artística (debuxo e música)

Debe fomentarse no primeiro ciclo que haxa aulas onde os alumnos e alumnas poidan aprender a lecto-escritura en galego, castelán e unha terceira lingua.

Ao final desta etapa haberá unha proba externa. Os resultados non terán consecuencias no desenvolvemento do alumno pero se lle dará un informe detallado e confidencial ao centro e á familia.

A Educación Secundaria Obrigatoria

No discurso de investidura de Mariano Rajoy como presidente do Goberno propuxo que o Bacharelato tivera tres cursos. Isto pode afectar ao Ensino Obrigatorio facendo que pase a ter tres cursos no canto dos catro que ten agora. Tamén pode ser que se manteñan os catro cursos e entón o acceso á Universidade sexa con 19 anos.

Converxencia opta pola primeira opción. Non ten moito sentido entrar na universidade con 19 anos cando na meirande parte de Europa esta entrada é con 18. Ademais o último curso de ESO é agora unha especie de curso de bacharelato pero coa dificultade de que é obrigatorio o cal crea unha situación un pouco conflitiva que en certa medida afonda no fracaso escolar.

Conviría pois facer que o primeiro ano despois dos tres de ESO fose tamén obrigatorio para os menores de dezaseis anos aínda que se poida elixir entre Bacharelato ou Ciclo Medio de FP. Isto favorecerá que os alumnos e alumnas poidan ter unha formación máis específica.

Volvendo á ESO convén que o obxectivo da mesma continúe na liña competencial da EP, aínda que tamén é importante ir introducindo elementos que fornezan dunha cultura xeral. Sería bo reducir o numero de materias e dar moita máis liberdade aos centros para organizaren o seu currículo.

O Bacharelato

Converxencia pensa que o Bacharelato de tres anos proposto está ben e pode servir para afondar nos coñecementos. Ademais cre que a distribución de materias e de opcións é moi boa polo cal non ten nada que engadir a este respecto. Se cadra é o momento de facer un Bacharelato cun maior nivel de esixencia e que o alumnado non chegue cunha formación insuficiente á Universidade.

A Formación Profesional

Un dos intentos de mellora da LOXSE foi a FP. Consideramos que a división entre grao medio e grao superior é boa. Tamén o esforzo para dotala de coñecementos técnicos e profesionais. Vaise desvinculando aos poucos na sociedade a relación entre fracaso persoal e Formación Profesional. Agora o paso é o de vincular FP a mercado laboral. Consideramos que hai que pensar na posibilidade de que as empresas poidan dar módulos de FP dentro da propia empresa mediante convenios coas autoridades educativas.

O ensino de idiomas

A aprendizaxe de idiomas (do inglés especificamente) é unha das grandes eivas do noso sistema. O sistema de introdución do inglés no ensino vendida polas novas autoridades educativas son brindes ao sol que o único que fan é afondar no dito anteriormente sobre aproveitamento do sistema educativo para a publicidade política.

Converxencia propón unha serie de medidas como poden ser a introdución de probas avaladas pola Universidade de Cambridge nos diferentes niveis educativos. O ensino da materia de inglés debe ser encamiñada á superación destes exames. Dende os niveis máis baixos de

primaria xa se poden facer pequenas probas que o propio Cambridge propón. A proba final de Bacharelato debe ser o First Certificate. Tamén cremos na pertinencia de introducir no horario escolar mestres cuxa lingua materna sexa o inglés que dean clases prácticas de lingua inglesa e incluso materias coma Ed. Plástica en inglés. Ademais poderanse favorecer intercambios e experiencias en países de lingua inglesa.

Ademais consideramos positivo o estudo do portugués na ESO como segunda lingua estranxeira. Favorecería a normalización da nosa lingua e faría que un alumno galego rematase os seus estudos con dominio en tres linguas maioritarias (castelán, inglés e portugués) ademais do galego, lingua propia de Galicia, que deberá tender a ser vehicular en todo o ensino.

A universidade

Os estudos universitarios tradicionalmente se asocian cuns estudos moi específicos nos cales hai unha transmisión de coñecementos dos cales hai que dar contas nun exame final. A superación de exames ao longo de varios cursos dá paso a unha titulación que acredita coñecementos que permiten desenvolver unha profesión.

A realidade é que a sociedade demanda outro tipo de universidade. Precisamos unha universidade que forme para a mobilidade, para a competitividade e para o coñecemento. Os bos modelos educativos en Europa deben servir de referencia para isto.

A educación non regrada

A educación non regrada é aquela que sae da escola. Debemos pensar que un neno/adolescente está en continua educación. Os poderes públicos deben telo en conta e fomentalo. O tempo libre dos nosos nenos e nenas debe ser un tempo creativo. Por exemplo, os equipos deportivos teñen que ter un código educativo para os seus equipos filiais. Ademais as televisións públicas deben ter contidos educativos (non só infantís) de calidade.